

Música e Baile de Galicia

1 DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O itinerario *Música e Baile de Galicia* formaba parte da oferta educativa deseñada polo DEAC e orientada ao público escolar dentro do programa educativo do Museo. Naceu co fin de achegar presencialmente ao alumnado o Museo e os contidos que alberga en xeral, centrándonos no patrimonio musical en particular.

Este itinerario forma parte das visitas comentadas que o Departamento de Educación elabora para visitantes de secundaria. A colección permanente do Museo dividíase así en diferentes percorridos que procuran o achegamento á sociedade tradicional galega desde unha perspectiva actual e procurando a súa validez cara ao futuro.

Debido ás novas circunstancias ás que nos temos que adaptar, decidimos organizar estas visitas presenciais en **aulas en directo** (streaming), nas que falaremos co alumnado apoiándonos en contidos en liña como músicas de arquivo, vídeos e fotografías, para achegar o Museo e o patrimonio que atesoura ao alumnado.

Consideramos que a experiencia online non pode superar a experiencia vivencial, pero neste caso, ao tratarse de patrimonio inmaterial, énos máis doado achegar os contidos do Museo ao centro educativo e conseguir a proximidade que nos daba a visita ao Museo.

Contido da aula en liña.

Partindo de que todas as culturas teñen manifestacións musicais propias e de que a música está ligada a un grupo social e aos seus acontecementos e é expresión destes últimos no transcorrer do tempo, nesta visita-coloquio falaremos sobre como as diferentes manifestación musicais que hoxe en día seguen a sonar no territorio galego, son resultado da creación propia ou da adaptación de ritmos alleos e constitúense como mostras da nosa historia recente. Ademais reflexionaremos cómo o noso pasado musical segue a formar parte do noso presente cunha nova linguaxe, con novas concepcións e usos da música, ou coa fusión de novos ritmos e instrumentos.

A partir de experiencias propias e actuais coa música, iremos enlazando coas experiencias dos nosos e das nosas antepasadas e relacionándoas coas experiencias actuais do alumnado.

Os usos da música a nivel individual e colectivo, a relación co ciclo festivo, os espazos arquitectónicos ligados ao folclore, as relacións de poder que se dan na música e no baile, ou o mantemento, a transmisión e readaptación do patrimonio inmaterial, son algúns dos temas que trataremos.

Combinaremos a conversa co alumnado con gravacións orixinais de música tradicional pertencente ao Arquivo do Patrimonio Oral e Inmaterial do Museo, con fotografías de arquivo, ou vídeos de danzas, bailes e momentos cotiás onde a música é a protagonista.

2 OBXECTIVOS

- OBXECTIVOS XERAIS

- Facer que o patrimonio que atesoura o Museo se perciba como un espazo de todos e todas.
- Contar cunha serie de recursos, actividades e estratexias no proxecto educativo con valor por si mesmas e como desenvolvemento do proxecto museográfico non como substitución ou complemento do mesmo.
- Facilitar unha aprendizaxe activa.
- Lograr a interacción entre o alumnado e os contidos cun coñecemento presentado de forma que permita diversas interpretacións.
- Potenciar o diálogo entre os contidos e o alumnado, procurar a conexión entre as experiencias vitais do alumnado co exposto e facilitar así a comprensión das ideas básicas transmitidas polo Museo.
- Mediar para que o alumnado participe da construción de coñecemento e de vivencias a través da visita.
- Lograr o goce do público.
- Crear lazos de coñecemento co noso entorno.
- Fomentar un sistema de valores baseado na estimación do propio e na reflexión sobre os trazos da identidade cultural pero desde un espírito crítico e con absoluto respecto polos alleos.
- Promover a igualdade e o respecto á dignidade da persoa.

- OBXECTIVOS CONCRETOS

- Conectar os contidos do Museo co mundo actual do alumnado.
- Achegar a cultura tradicional ao presente do alumnado para conseguir que a fagan propia.
- Incitar a descubrir e reflexionar sobre o que o/a participante xa sabe, aínda que non sexa consciente de que o sabe.
- Fomentar a creatividade .
- Fomentar o diálogo e o debate partindo do respecto e a empatía.
- Lograr o goce durante a actividade.

3 COMPETENCIAS E HABILIDADES

COMPETENCIAS QUE SE PRETENDEN TRABALLAR	
Competencia	Indicadores
Competencia social e cidadá	<ul style="list-style-type: none">· Coñecer a evolución e a organización da sociedade galega a través da música.· Comprensión da realidade histórica e social do contexto da música e o baile.
Competencia cultural e artística	<ul style="list-style-type: none">· Coñecer, comprender e valorar distintas manifestacións musicais e de baile.· Habilidades de pensamento diverxente e converxente (alteridade, diversidade cultural, interculturalidade)
Competencia para aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none">· Adquirir maior autonomía na aprendizaxe
Autonomía e iniciativa persoal	<ul style="list-style-type: none">· Pensar, deseñar e executar pensamentos propios partir da teoría da visita.· Tomar decisións, avaliar os resultados e autoavaliar as accións realizadas.- Debatir e desenvolver un pensamento crítico.
Coñecemento e interacción co mundo físico	<ul style="list-style-type: none">· Coñecer o espazo no que se desenvolve esta actividade humana, tanto o presente como o pasado e o inmediato como a escala máis global· Interactuar co espazo físico e ser consciente da influencia do ser humano no medio e viceversa
Competencia lingüística	<ul style="list-style-type: none">· Adquirir soltura coa linguaxe· Aprender a comunicar experiencias

4 METODOLOXÍA

En toda a actividade tentaremos levar a cabo unha metodoloxía **constructivista** no sentido en que o alumnado irá construíndo o coñecemento pouco a pouco e de xeito global, é dicir, desde o concreto iremos aprendendo en espiral ate chegar ao **global**.

Unha metodoloxía **contextualizada** na que o contexto da música e do baile serviranos para achegar conceptos diversos de etnografía.

As estratexias que se seguirán son:

- Estratexia expositiva/descritiva a través de preguntas estruturadas:

Utilízase na presentación da actividade onde o persoal do DEAC exporá os conceptos básicos do patrimonio que alberga o Museo en xeral, centrándose no Patrimonio Inmaterial, principalmente na música e no baile.

A construción das exposicións tentará partir de *preguntas estruturadas* para que a exposición dos contidos sexa construída entre todos e todas.

A través da *presentación en liña* dos contidos, tentaremos lograr a *asociación* espazo-temporal das accións cotiás asociadas a eles e a *expresión* oral e corporal de experiencias propias relacionadas con este tema.

- Estratexia baseada na experiencia:

Cun compoñente que considera o enfoque de *intelixencias múltiples* de forma moi intuitiva, principalmente cando se explora a través de preguntas sobre as experiencias propias dos e das visitantes, que conectan a súa realidade á hora da utilización da música cos contidos do museo.

- Estratexia de descubrimento:

A partir das explicacións baseadas no visionado de bailes, da escoita de músicas iranse expondo e inducindo ideas e conceptos clave.

- Estratexia analítica - Rutina de pensamento:

Utilizaremos un esquema baseado en vídeos ordenados cronoloxicamente e a partir dos cales analizamos a evolución da recuperación e reinterpretación da música popular.

Un saúdo do equipo de,

Educación e Acción Cultural

MUSEO DO POBO GALEGO

(0034)981583620

www.museodopobo.com